

RUTA DO MIRADOIRO DA TERRA CHÁ

Tipo de percorrido: circular
Lonxitude: 12,5 km
Duración estimada: 4 horas aprox.
Dificultade: Baixa

Miradoiro da Terra Chá é unha ruta que combina etnografía e natureza, nun percorrido circular que sae dende a parroquia de Gaioso. A ruta comeza no lugar da Feira, no antigo campo da feira que aínda conserva a súa carballeira, ademais dun interesante conxunto etnográfico de vivendas tradicionais en granito (moitas delas acollían as antigas tabernas) e outras edificacións típicas (hórreos, leñeiro, e un cruceiro do ano 1900). O camiño continúa por sendeiros até chegar á Casa da Barreira, antiga casa grande con orixes a finais do s.XVI, un bo exemplo de arquitectura chairega agraria. Seguindo o carreiro pasamos polo muíño de Lousado, que aínda conserva as súas pezas no interior. Despois dunha pequena subida poderemos facer unha pausa na área recreativa de Penas de Rodas, onde se atopan as dúas moles graníticas que lle dan nome e desde aquí ascenderemos até o mirador de Paraños para alcanzar a cota de maior altitude pola que pasa a ruta (614 m), un dos puntos máis elevados do municipio e fantástico miradoiro natural desde o que ,nos días de boa visibilidade, poderemos apreciar boa parte da zona central da provincia de Lugo. Realizaremos a baixada por unha pista forestal entre piñeiros e eucaliptos ata a aldea de Susavila, a continuación avanzaremos cara a igrexa de Francos, sinxelo pero fermoso templo que conserva restos románicos e finalmente recorreremos o último tramo para volver ó lugar de A Feira.

OS HABITATS PROTEXIDOS

Dende o punto mais alto da ruta, o alto de Paraños, pódese observar as distintas paisaxes características do LIC e da zona paisaxística na que se encadra. Nesta zona ademais atópase un dos hábitats de interese comunitario recollido no inventario de hábitats de interese comunitario da Unión Europea. Trátase do hábitat 4030: Queirogais Secos Europeos. Ademais ó longo da ruta atoparemos outros dous hábitats protexidos, o hábitat 6510: Prados de sega de baixa altitude e o hábitat 8230: hábitats rochosos e covas.

Desde el punto más alto de la ruta, el alto de Paraños, se puede observar los distintos paisajes característicos del LIC y de la zona paisajística en la que se encuadra. En esta zona además se encuentra uno de los hábitats de interés comunitario recogido en el inventario de hábitats de interés comunitario de la Unión Europea. Se trata del hábitat 4030: Brezales Secos Europeos. Además a lo largo de la ruta encontraremos otros dos hábitats protegidos, el hábitat 6510: Prados de siega de baja altitud y el hábitat 8230: hábitats rocosos y cuevas.

Miradoiro da Terra Chá es una ruta que combina etnografía y naturaleza, en un recorrido circular sale desde la parroquia de Gaioso. La ruta comienza en el lugar de A Feira en el antiguo campo de la feria que aun conserva su robledal, además de un interesante conjunto etnográfico de viviendas tradicionales en granito (muchas de ellas acogían las antiguas tabernas) y otras edificaciones típicas (hórreos, leñera, y un cruceiro del año 1900). El camino continúa por senderos hasta llegar a la Casa da Barreira, antigua casa grande con orígenes a finales del s.XVI, un buen ejemplo de arquitectura chairega agraria. Siguiendo el sendero pasamos por el molino de Lousado, que aun conserva sus piezas en el interior. Después de una pequeña subida podremos hacer una pausa en el área recreativa de Penas de Rodas, donde se encuentran las dos moles graníticas que le dan nombre y desde aquí ascenderemos hasta el mirador de Paraños para alcanzar la cota de mayor altitud por la que pasa la ruta (614 m), uno de los puntos más elevados del municipio y fantástico mirador natural desde el que ,en los días de buena visibilidad, podremos apreciar buena parte de la zona central de la provincia de Lugo. Realizaremos la bajada por una pista forestal entre pinos y eucaliptos hasta llegar a la aldea de Susavila ,a continuación avanzaremos hacia la iglesia de Francos, sencillo pero hermoso templo que conserva restos románicos y finalmente recorreremos el último tramo para volver al lugar de A Feira.



- Hábitat protexido 4030_Queirogais secos europeos.** Trátase de matogueiras desenvolvidas sobre solos ben drenados formados a partir de materiais silíceos e, máis raramente, sobre solos calcários descarbonatados.
- Hábitat protexido 6510_Prados de sega de baixa altitude** situados no fondo de val e veigas de piso morno e mesotenperado.
- Hábitat protexido 8230_hábitats rochosos e covas.** Formacións herbáceas pouco densas e de baixa talla dominadas por musgo, liques e crasuláceas.
- Hábitat protegido 4030_Brezales secos europeos.** Se trata de matorrales densos desarrollados sobre suelos bien drenados formados a partir de materiales silíceos y, mas raramente, sobre suelos calcáreos descarbonatados.
- Hábitat protegido 6510_Prados de siega de baja altitud** situados en los fondos de valle y vegas de suelos templados y mesotemplados.
- Hábitat protegido 8230_hábitats rocosos y cuevas.** Formaciones herbáceas poco densas y de baja talla dominadas por musgo, líquenes y crasas

LUGARES DE INTERÉSE TURÍSTICO NA RUTA

Esta ruta ten un valor engadido, ademais da súa gran importancia natural e etnográfica, temos que destacar dous importantes puntos polos que se pasa, as Penas de Rodas e a igrexa románica de Francos. As Penas de Rodas son dúas enormes pedras de granito, case perfectamente esféricas asentadas sobre bases moi pequenas, o que impresiona bastante ó achegarse a elas, sobre as que hai infinidade de lendas, como que unha delas está chea de alcatrán e se rompese anegaría a zona, e a outra está chea de ouro e o que lograsede rompela fariase rico. A igrexa de Santiago de Francos, xunto coa de san Pedro de Robra, San Pedro de Martul e a Capela de a Virxe do Rosario en Bravos, constitúen os templos de máis antiga construción do concello. En documentos medievais xa se fai referencia á igrexa de Francos, que actualmente conserva pormenores construtivos da súa primitiva construción románica, como a ábsida, aínda que sufriu notorias reformas posteriores.



Esta ruta tiene un valor añadido, además de su gran importancia natural y etnográfica, tenemos que destacar dos importantes puntos por los que pasa, Penas de Rodas y la iglesia románica de Francos. Penas de Rodas son dos enormes piedras de granito, casi perfectamente esféricas asentadas sobre bases muy pequeñas, lo que impresiona bastante al acercarse a ellas, sobre las que hay infinidad de leyendas, como que una de ellas está llena de alquitrán y si se rompiese inundaría la zona, y la otra está llena de oro y el que lograsede romperla se haría rico. La iglesia de Santiago de Francos, con la de san Pedro de Robra, San Pedro de Martul y la Capilla de la Virgen del Rosario en Bravos, constituyen los templos de más antigua construcción del ayuntamiento. En documentos medievales ya se hace referencia a la iglesia de Francos, que actualmente conserva pormenores constructivos de su primitiva construcción románica, como el ábside, aunque que sufrió notorias reformas posteriores.

RUTA MIRADOIRO DA TERRA CHÁ





MIRADOIRO DA
TERRA CHÁ

Inicio/Fin:
Ruta CIRCULAR
desde A FEIRA
(Gaios)

Dificultade:
BAIXA

Duración estimada:
4 horas

12,5
km

RUTA DO MIRADOIRO DA TERRA CHÁ

Carreteras / Estradas

- Estatales / Estatais
- Autonómicas
- Provinciales / Provinciais

Recursos Turísticos

- 1 Cruz / Cruceiro de A Lama _ 180m
- 2 Iglesia/Igrexa de Santiago de Gaios _ 300m
- 3 Molino / Muiño de Lousado
- 4 Penas de Rodas _ 150m
- 5 Fuente / Fonte en Penas de Rodas
- 6 Área Recreativa de Penas de Rodas
- 7 Cruz / Cruceiro de A Feira
- 8 Casa en A Barreira

- Municipales / Municipais
- Caminos / Camiños

- 9 Antigo Campo de la FERIA
- 10 Cruz de Xueus _ 680m
- 11 Mirador/Miradoiro de Paraños _ 75m
- 12 Iglesia/Igrexa de Santiago de Francos
- 13 Área Recreativa de Francos
- 14 Cruz / Cruceiro de Reboreda
- 15 Área de descanso en Susavila
- 16 Iglesia/Igrexa de San Vicente de Candai _ 550m
- 17 Castro de Aspai _ 1,7km

